



## CERTAME LITERARIO LETRAS GALEGAS 2014

O IES Urbano LUGRÍS de Malpica organiza este certame literario para alumnos e alumnas de ESO inscritos nos centros educativos públicos da contorna, de acordo coas seguintes BASES:

1. Os traballos, escritos en lingua galega, poden ser de calquera Xénero: poesía, narrativa ou teatro. Establécense 2 categorías por Xénero: unha para o alumnado de 1º e 2º de ESO; e outra para o de 3º e 4º.
2. Deberán ser orixinais, inéditos e non ter recibido premio noutros certames ou concursos.
3. Presentaranse por correo ordinario ao enderezo do Instituto: Estrada de S. Adrián s/n, Malpica 15113 – A Coruña; ou ao correo electrónico: [bibliogris@gmail.com](mailto:bibliogris@gmail.com). Haberán incluír os seguintes datos do autor ou autora: Nome e apelidos, Idade, Curso e Centro no que está escolarizado/a e Título da obra. A data límite de recepción é o 30 de maio de 2014.
4. O xurado estará composto pola coordinadora do EDLG e as profesoras de Lingua e Literatura Galega do noso IES.
5. Haberá 6 premios, 3 por xénero literario dentro de cada unha das dúas categorías. As obras gañadoras publicaranse na revista **ARDORA** do noso centro. Os premios poderán ser declarados desertos se así o estima o xurado.
6. Os premios entregaranse durante o acto organizado ao efecto, de cuxa data informarase previamente ao centros.

*Organiza o EDLG, en colaboración co Departamento de L.L. Galega e a Biblioteca "Manuel María"*

*IES Urbano LUGRÍS - Malpica de Bergantiños*